


Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Entrada Nº. 2012000010005
03/05/12 13:55:44

A Xunta de PDI-Funcionario, na reunión mantida o xoves 26 de Abril de 2012, acordou por unanimidade manifestar o seu total apoio ao o texto que se adxunta, tramitado polo Comité do PDI-Laboral a petición de Dna. Iolanda Galanes, delegada da CIG no Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Asemade, a XPDI acordou solicitar a rápida xuntanza do Comité de Seguridade e Saúde e que se inclúa na orde do día o debate sobre a creación dunha Comisión para a resolución de conflitos e a elaboración dos correspondentes protocolos de actuación.

En Vigo, a 3 de Maio de 2012



Asdo. Gloria Pena Uris
Presidente da Xunta de PDI

PRESIDENTE DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA UVIGO

O Comité de PDI-laboral reunido da na súa sesión do 14 de febreiro de 2012 acordou a tramitación do seguinte documento

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Iolanda Galanes, delegada da CIG no Comité de Seguridade e Saúde da Universidade de Vigo

Entrada Nº. 201200004574
17/02/2012 11:56:40

EXPOÑO:

Que comezan a abrollar no seo da comunidade universitaria os casos de acoso cara o PDI desta universidade. Queixas do profesorado que se reciben no Comité desde a súa constitución en 2007 e que van desde unha actitude irrespectuosa, intimidatoria e ameazante do alumnado cara ao profesorado (persoalmente ou por outros medios), até a agresión física por parte de alumnado ou do seu entorno a algún profesor/a, chegando mesmo a cursar estes demandas xudiciais.

Que o profesorado que se sentiu acosado moral ou fisicamente polo alumnado descoñece cal sería o protocolo específico de actuación nestes casos, descoñece cal é o órgano universitario encargado de defender a integridade física e moral do profesorado no exercicio da súa actividade e descoñece se existe calquera seguro de Asistencia Xurídica que sufrague os gastos por reclamacións contra terceiros, xudiciais ou extraxudiciais por conflitos que se susciten no exercicio profesional.

Que o Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo é o órgano encargado de velar polos dereitos dos membros da comunidade universitaria (artigo 143 dos Estatutos da Universidade de Vigo) pero rexeita as queixas sobre asuntos sometidos a instancias xudiciais (art.12.1 do Regulamento do Tribunal de Garantías), polo que o profesorado agredido que presente demanda por agresión non pode acudir a este órgano, coa consecuente indefensión en ámbito administrativo ante unha situación de tal gravidade. Por outro lado, o *Protocolo de actuación fronte a conflitos interpersonais e acoso no traballo* (PPRL 02-09 de 28/09/2009), aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde Laboral, propón medidas de mediación en casos de acoso, pero non de agresión, e pretende a mediación o que non sempre é posible cando media unha agresión.

Que segundo a normativa vixente o estudiantado ten dereito a unha avaliación obxectiva e xusta (artigo 7.1.h do Estatuto do estudante universitario [BOE 31/12/2010], art.11 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo) e, ademais, segundo o art. 87 dos estatutos da Universidade de Vigo, entre os deberes do PDI da Universidade de Vigo figura o cumprimento das tarefas docentes entre as que se atopa a avaliación. Entendemos que nestes casos de agresión os docentes implicados non están en condicións obxectivas e subxectivas de poder respectar ese dereito, polo que a Universidade debера arbitrar un protocolo de actuación do profesorado agredido e, sobre todo, un procedemento alternativo de avaliación no que se lle permita ao profesorado implicado exercer o seu dereito á abstención (art.28, Lei 30/1992) de avaliar e cualificar o estudante polo que se sente agredido/a.

Que outras administracións (como a Consellería de Educación da Xunta de Galicia) prevén un seguro de Asistencia Xurídica que sufrague os gastos por reclamacións contra terceiros, xudiciais ou extraxudiciais, a consecuencia de danos e prexuízos corporais e danos e prexuízos materiais a obxectos, prendas e/ou vehículos que sexan propiedade dos asegurados como consecuencia de danos e prexuízos derivados de accións constitutivas de ameaza, coacción, inxuria, calumnia e outros ilícitos penais, de que puidesen ser obxecto o profesorado no desenvolvemento do seu cargo.

Que o Regulamento de estudantes, aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo o 3 de abril de 2001, considera os dereitos (arts. 3 a 43) e os deberes do estudiantado (arts.45 a 46) pero non recolle explicitamente no articulado como deber o respecto polos demais membros da comunidade

universitaria, nin fai alusión a medidas disciplinarias para o caso de agresión ou acoso. Entendemos que sería necesaria a modificación desta normativa de acordo co espírito de normas posteriores de rango superior (Estatuto do estudante universitario [BOE 31/12/2010]) ou doutras administracións educativas (Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa [DOG 15/07/2011]).


Por último, existe un ambiente xeneralizado de conflito no ensino non universitario refletido na prensa de modo cotián, que fixo necesarias, por exemplo, a creación do Observatorio Galego da Convivencia Escolar (2007) ou a aprobación da Lei de convivencia e participación na comunidade educativa (2011) etc. Entendemos que a Universidade de Vigo, co obxecto de respectar os dereitos do alumnado e do profesorado, debe arbitrar igualmente mecanismos de protección para os seus docentes e prever as medidas oportunas para calquera posible conflito.

Por todo iso,

SOLICITO:

- Que o Comité de Seguridade e Saúde da Universidade de Vigo prevexa as medidas necesarias para a protección do profesorado en caso de agresión ou acoso que deben consistir cando menos en:
 1. Elaborar un protocolo de actuación en caso de agresión ao profesorado (que complemente o Protocolo en caso de conflitos interpersoais) de modo que calquera docente saiba a que órgano/s debe acudir en caso de agresión (mesmo se media demanda xudicial), cal é o órgano que garante os seus dereitos no exercicio profesional, a que instancia debe acudir para exercer o seu dereito á abstención de avaliar o suposto agresor, etc.
 2. Que en caso de que non exista e, sempre que a situación económica o permita, se estude a posibilidade de contratar un seguro de asistencia xurídica para sufragar os gastos derivados de agresión ou acoso ao profesorado.
 3. Que se inste aos órganos de goberno da universidade a reformar o Regulamento de Estudiantes de modo que, alén de dar cumprida conta dos seus dereitos, se adapten ao novo contexto os artigos relativos ao respecto da integridade física e moral dos outros membros da comunidade universitaria, especialmente ao profesorado, así como que se aluda explicitamente ao réxime disciplinario para o alumnado en caso de agresión e acoso ao profesorado.

Vigo, 14 de febreiro de 2012



Iolanda Galanes Santos

PRESIDENTE DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL